

REGULAMENTO **DE** **PREMIOS**

Artigo 1. - Polo presente Regulamento establécese o réxime de distincións que outorga a Federación Galega de Vela, en forma de premios.

Artigo 2. - Poden ser obxecto de distinción pola Federación Galega de Vela as persoas naturais e xurídicas, áchense ou non afiliadas á Federación, que en razón dos seus méritos, merezan as distincións que, segundo a súa clase e conforme ao previsto nos artigos seguintes séxanlles de aplicación.

Poderán ser obxecto de distinción, tanto as persoas de nacionalidade española, como as estranxeiras.

Artigo 3. - Compete ao Comité de Premios propoñer á Xunta Directiva, e a esta outorgar, as distincións a que se refire o presente Regulamento.

As propostas de distinción serán remitidas ao Comité de Premios polos propoñentes que, en todo caso, deberán ser afiliados á Federación.

Artigo 4. - A Federación Galega de Vela levará un Libro-Rexistro de distincións por categorías, con expresión dos nomes das persoas naturais ou xurídicas galardoadas, nome dos propoñentes, data do acordo da Xunta Directiva de outorgamento e, no seu caso, data de entrega da correspondente distinción.

Artigo 5. - As distincións da Federación Galega de Vela serán as seguintes:

- Medalla da Federación Galega de Vela, nas súas categorías de Ouro, Prata e Bronce.
- Áncora da Federación Galega de Vela, nas súas categorías de Ouro, Prata e Bronce.
- Placas aos gañadores das Copas e Campionatos Galegos, de cada ano.
- Placas aos gañadores dos Campionatos de España que se celebren en territorio nacional.

Artigo 6. - Non obstante o establecido no artigo anterior, a Xunta Directiva da Federación Galega de Vela, por proposta do Comité de Premios ou por propia iniciativa, poderá outorgar, de xeito excepcional, outras distincións para galardoar a celebración de acontecementos ou actividades no ámbito do

deporte da vela, que sexan valorados como relevantes ou extraordinarios. Estas distincións denominaríanse Medalla ao Mérito Deportivo da Vela.

Artigo 7. - As distincións que outorgue a Federación Galega de Vela serán outorgadas con carácter automático nos supostos aos que se refire o artigo 17.

No resto dos casos corresponde á Xunta Directiva, por proposta do Comité de Premios, resolver de forma graciable o outorgamento da distinción, sen que poida invocarse dereito subxectivo ningún á súa concesión por parte de persoa natural ou xurídica.

Artigo 8. - A Medalla da Federación Galega de Vela distinguirá as persoas naturais ou xurídicas que realizaran un excepcional labor, continuado no tempo, no fomento e desenvolvemento da vela, tanto no ámbito estritamente deportivo, canto na organización.

A Medalla poderá ser outorgada con carácter individual ou colectivo; entenderase con carácter individual cando se acorde a favor dunha tripulación, aínda cando fosen varios os seus tripulantes.

Entenderase con carácter colectivo, cando se outorgue a unha tripulación dun iate ou ás tripulacións de varios que, formando equipo, obteñan algún Campionato que lles faga merecedores de tal distinción.

Artigo 9. - A Áncora da Federación Galega de Vela distinguirá as persoas naturais ou xurídicas que destaquen notablemente no fomento e desenvolvemento do deporte da vela, podendo tamén concederse a calquera Comité, Xunta ou Comisión que realizara ou realice actos significativos en relación co deporte da vela; quedan excluídos os organismos que se constitúan con carácter temporal para actos ou ocasións concretos e que se extingan unha vez celebrados.

Artigo 10. - Para o outorgamento da Medalla da Federación Galega de Vela, na súa categoría de Ouro, será preciso concorrer os seguintes requisitos:

a) Deportistas

1- Deportividade acreditada, xustificada pola ausencia total de sancións deportivas e pola calidade na participación en competicións. A descualificación derivada de protestas en Regatas non terá a consideración de sanción.

2- Calidade deportiva acreditada pola obtención do título de gañador de Campionatos ou Copas de España durante tres anos consecutivos ou cinco

alternos.

3- Asiduidade na práctica do deporte da Vela acreditada pola posesión da licenza federativa e a participación en calquera das competicións a que se refire o apartado anterior, polo menos durante vinte anos consecutivos.

b) Non deportistas

1- Dedicación continuada ao deporte da vela, ben como membro de calquera dos órganos de goberno ou administración da Federación Galega, Presidente de Federación Autonómica ou Presidente de Club federado con acreditada vida deportiva, polo menos durante quince anos.

2- Deportividade e dedicación altruísta ao deporte da vela ou no desempeño de funcións relacionadas con el, que o fagan acredor de tal distinción.

Artículo 11. - Para o outorgamento da Medalla da Federación Galega de Vela, na súa categoría de Prata, será preciso concorran os seguintes requisitos:

a) Deportistas

1- Deportividade acreditada, xustificada pola ausencia total de sancións deportivas e pola calidade na participación en competicións. A descualificación derivada de protestas en Regatas non terá a consideración de sanción.

2- Calidade deportiva do candidato acreditada pola obtención dun título de Subcampión de Campionatos ou Copas de España durante dous anos consecutivos ou tres alternos.

3- Asiduidade na práctica do deporte da vela acreditada pola posesión da licenza federativa e a participación en calquera das competicións a que se refire o apartado anterior, polo menos durante dez anos consecutivos

b) Non deportistas

1- Dedicación continuada ao deporte da vela como membro dos órganos de goberno e administración dunha Federación Autonómica, ou Secretario Territorial dunha Clase, ou membro da Xunta Directiva dun Club federado con actividade deportiva, polo menos durante dez anos.

2- Deportividade e dedicación altruísta ao deporte da vela ou no desempeño de funcións relacionadas con el, que o fagan acredor de tal distinción.

Artigo 12. - Para o outorgamento da Medalla da Federación Galega de Vela, na súa categoría de Bronce, será preciso concorran os seguintes requisitos:

a) Deportistas

1-Deportividade acreditada, xustificada pola ausencia total de sancións deportivas e pola calidade na participación en competicións. A descualificación derivada de protestas en Regatas non terá a consideración de sanción.

2- Calidade deportiva do candidato acreditada pola obtención de títulos no ámbito autonómico, polo menos, durante tres anos consecutivos ou cinco alternos, ou gañador dunha Regata Nacional das non previstas no artigo 10, a), 2

3- Asiduidade na práctica do deporte da Vela acreditada pola posesión da licenza federativa e a participación en calquera das competicións a que se refire o apartado anterior, polo menos durante oito anos consecutivos

b) Non deportistas

1- Dedicación continuada ao deporte da vela como membros dos órganos de goberno e administración dunha Federación Autonómica Club federado ou Sección, polo menos durante oito anos.

2- Deportividade e dedicación altruísta ao deporte da vela ou no desempeño de funcións relacionadas con el, que o fagan acredor de tal distinción.

Artigo 13. - Para o outorgamento da Áncora de Ouro da Federación Galega de vela será preciso concorran os seguintes requisitos:

a) As persoas naturais ou xurídicas federadas que se distinguan no desenvolvemento e expansión do deporte da vela, acreditadas pola organización de competicións de ámbito nacional ou internacional, integradas nos calendarios oficiais.

En todo caso, será preciso organizar polo menos tres Campionatos de ámbito

autonómico, e dous de ámbito nacional.

Poderán optar tamén a este premio, quen realizara un labor intenso e acreditado no desenvolvemento do deporte da vela, con especial dedicación ao deporte infantil e xuvenil.

Artigo 14. - Para o outorgamento da Áncora da Federación Galega de Vela, nas súas categorías de Prata e Bronce, corresponderá á Xunta Directiva a valoración dos méritos, sempre que non concorran as condicións previstas no artigo anterior.

Artigo 15. - Todos os premios se axustarán aos deseños que aprobe, se é o caso, a Xunta Directiva da Federación Galega de Vela, e que quedarán integrados como anexos a este Regulamento.

Artigo 16. - Os que fosen distinguidos con calquera premio na súa categoría máxima, non poderán obter novas distincións da mesma categoría, non obstante, o outorgamento dun premio da categoría inferior, será mérito para o outorgamento do de categoría superior.

A todos os efectos, cando se concedan varias medallas aos tripulantes dun só iate, consideraranse como unha soa.

Artigo 17. - Recoñécese as persoas xurídicas que reúnan a condición de Club afiliado á Federación Galega de Vela o dereito a obter a Áncora de Ouro si cumpren máis de cen anos de vida social continuada con acreditada vida deportiva.

As categorías de Prata e Bronce concederanse ás mesmas entidades cando cumprise 75 e 50 anos, respectivamente e nas mesmas condicións.

Artigo 18. - As persoas naturais distinguidas con calquera premio dos descritos no presente Regulamento, e os Presidentes das entidades distinguidas con premios nas súas categorías de ouro, prata e bronce, terán dereito ao libre acceso aos Clubs Galegos federados á Real Federación Española de Vela, utilizando os seus servizos nos termos que, en cada caso, estableza o respectivo Club.

Artigo 19. - Todas as persoas naturais ou xurídicas que obteñan calquera das distincións que se refiren no presente Regulamento recibirán o documento acreditativo do seu outorgamento.

Artigo 20. - Con independencia do establecido no artigo 6, corresponde ao Comité de Premios tramitar o expediente de outorgamento de calquera dos premios referidos, todo iso conforme ao seguinte procedemento:

- As propostas serán remitidas ao Presidente do Comité cunha antelación non inferior a dous meses naturais, anteriores ao seu outorgamento, cando este houbera de ter lugar en data fixa.

- As propostas deberán ser remitidas polos Clubs a través da Federación Galega de Vela, e pola propia Xunta Directiva da Federación de Vela, con xustificación dos méritos que concorren no candidato e acompañada, no seu caso, dos documentos acreditativos destas.

O Comité poderá, non obstante, solicitar cantas aclaracións sexan necesarias para completar o expediente, propoñendo á Xunta Directiva o outorgamento do premio, ou no seu caso, o seu rexeitamento en informe motivado.

En todo caso, corresponde ás Federacións Autonómicas elaborar os informes correspondentes ás súas propostas, e no caso de que se trate de mocións correspondentes á Xunta Directiva da Real Federación Española de Vela, o Comité actuará de oficio preparando a documentación e os informes pertinentes.

A concesión dos premios a que se refire o presente Regulamento é graciable.

Artigo 21. - Corresponde ao Presidente da Federación Galega de Vela comunicar aos beneficiarios do premio o outorgamento, así como efectuar a entrega da distinción, podendo neste caso delegar en calquera membro da Xunta Directiva, con excepción dos supostos de Medalla de Ouro, nos que corresponderá a delegación nun Vicepresidente.

O presente Regulamento derroga cantas normas ou acordos anteriores á súa aprobación poidesen estar vixentes, constituíndo a única norma da Federación, en materia de distincións ou premios.

O presente regulamento non terá efectos retroactivos, e aplicarase a partir da data da súa aprobación.